

UNIST Tutorial – Novato

1: Personaxe e vida

- Chegou a hora de aprender a controlar ao teu personaxe! O xogador 1 estará no lado esquerdo, e o xogador 2 estará na dereita. Da mesma forma ocorre coas súas barras de vida.
- Pero non estas preso alí, polo que deambula polo outro lado se queres! Soamente recorda onde se supón que comezarías, da cordo? E recorda que as barras de vida sempre se manteñen no seu lugar!
- O xogador 1 se quedará coa barra de vida á esquerda.
- O xogador 2 se quedará coa barra de vida á dereita.
- Perdes cando a túa barra de vida queda valeira, polo que non o permitas! Asegúrate de non estar mirando a barra de vida equivocada, da cordo? Advírtocho!

2: Estar de pé

- Cando estas de pé, todo o que estar a facer basicamente é non mover ao personaxe. Es libre de facer o que queiras, o que significa que podes mover os botóns de dirección ou atacar presionando outros botóns. Non vos preocupedes! Imos repasalos un por un!

3: Moverse para adiante e para atrás

- Mantén pulsado o botón de dirección “dereita” para moverse para adiante, e “esquerda” para moverse para atrás. Isto é o máis básico do básico cando se trata de movemento, escoitas? Tanto o tutorial como a lista de comandos están explicadas como se estiveses do lado esquerdo, polo que se están no dereito, presiona “esquerda” para moverte cara adiante, e presiona “dereita” para moverte cara atrás, da cordo?

4: Agacharse

- Se queres agacharte, soamente tes que manter o botón de dirección “abaixo”. Agacharte permite evadir algúns ataques e realizar ataques baixos. Recomendo que manteñas os botóns de dirección “abaixo” e “esquerda” á vez para facer a orde dunha diagonal inferior esquerda cando te agaches. De esta forma poder agacharte e bloquear ataques ao mesmo tempo!

5: Saltar

- Presionando o botón direccional “arriba” fas ao personaxe saltar. Saltar permítete evadir algúns ataques e facer ataques aéreos. Recomendo que manteñas os botóns de dirección “arriba” e “dereita” á vez para facer a orde dunha diagonal superior dereita para facer un salto cara adiante. Desta forma podes evitar ataques e achegarte ao opoñente!

6: Atacar

- Presionando calquera dos botóns de ataque (A, B ou C) farás ao personaxe atacar. Se o ataque golpea ao rival, o opoñente recibira dano. Dependendo do botón usado, a

cantidade de dano e o alcance do ataque serán distintos! Próbao! Intenta facerlle dano ao opoñente achegándote e entón presiona algún dos botóns de ataque.

7: Derrotar ao opoñente

- Podes ver as dúas barras de vida arriba da pantalla? Esas son a túa barra de vida e a do teu opoñente. Gañarás se baleiras a barra de vida do opoñente! A barra de vida volverase laranxa cando este apunto de baleirarse, ten coidado!
- Agora, tenta vencer ao teu rival! Ataca ata que a súa barra de vida este valeira. Intenta usar ataques poderosos co botón "C", ou fai varios ataques consecutivos presionando varias veces seguidas o botón "A".

8: Garda

- Se mantés pulsado os botóns direccionais "esquerda" ou "diagonal inferior esquerda", podes facer garda ante os ataques do adversario e de esa forma bloquear ou reducir o dano. Oh, pero recomendo que fagas "diagonal inferior esquerda". É mais seguro! O opoñente vai achegarse para atacar, polo que ponte en garda, da acordo?

9: Iconos de ronda e condicións de victoria

- O pequeno icono que podes ver debaixo da barra de vida chámase "iconos de ronda". Cada vez que vences ao opoñente, un icono de ronda ilumínase. Cando todos os iconos de ronda se iluminan, gañas! Podes cambiar o número de iconos de ronda en Opcións, pero de forma predeterminada esta axustado a 2, polo que a persoa que primeiro gañe dúas rondas gaña a partida.